

CONVOCATORIA DE AXUDAS DA ACCIÓN ESTRATÉXICA EN SAÚDE 2026

No B.O.E. de data 20 de decembro de 2025 publicouse o Extracto da Resolución do 19 de decembro de 2025, da Dirección do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2026 mediante tramitación anticipada de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde (Liñas Estratéxicas de Investigación en Saúde 2024-2027), cuxo texto completo pode consultarse na Base Nacional de Subencions, con identificador [BDNS:876727](#)

O obxectivo destas axudas :

- Contratación de investigadores destinados á formación no campo das ciencias e tecnoloxías da saúde mediante a realización dunha tesis de doutoramento nos centros do SNS e en colaboración con empresas do sector sanitario.
- Contratación de persoal para realización de actividades de apoio á xestión da I+D+I nos IIS.
- Contratación de profesionais exclusivamente nas entidades sanitarias de titularidade pública con actividade clínica-asistencial con formación sanitaria especializada no ámbito das ciencias e tecnoloxías da saúde.
- Contratación de Doutores recentemente titulados no campo das ciencias e tecnoloxías da saúde, para perfeccionar a súa formación.
- Contratación de Doutores de acreditada traxectoria investigadora.
- Contratación de persoal facultativo con experiencia en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde.
- Contratos para á intensificación investigadora.
- Mobilidade de investigadores.
- Financiamento de proxectos de I+D+i en saúde, como principal fonte de soporte á investigación realizada dentro do SNS e nos centros de investigación vinculados ao seu ámbito.
- Desenvolvemento de proxectos de colaboración internacional para abordar de forma conxunta e coordinada os grandes desafíos da sociedade, contribuíndo á consolidación do Espazo Europeo de Investigación.

A contía máxima destinada ás axudas ascende a 152.131.390,00 euros.

O prazo de presentación de solicitudes é:

1. **Proxectos de desenvolvemento tecnolóxico: 10 de febreiro ao 10 de marzo de 2026.**
2. Contratos de **Xestión en investigación en saúde** e contratos do **persoal técnico bioinformático de I+D+i nos IIS: 10 de febreiro ao 3 de marzo de 2026.**
3. Contratos **Rio Hortega e Sara Borrell: 10 de febreiro ao 5 de marzo de 2026**
4. Contratos de **Intensificación** e axudas á mobilidade **(M-AE e M-BAE): 11 de febreiro ao 3 de marzo de 2026.**
5. Contratos **Miguel Servet e Juan Rodés: 11 de febreiro ao 4 de marzo de 2026.**
6. **Proxectos de investigación clínica independente: 11 febreiro ao 11 de marzo de 2026.**
7. **Proxectos de I+D+I en salud: 17 de febreiro ao 17 de marzo de 2026.**

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Convocatoria
Axudas da Acción
Estratéxica en
Saúde 2026

Extracto
Convocatoria
Axudas da Acción
Estratéxica en
Saúde 2026

Fichas da
Convocatoria
AES-LEIS 2026

8. Contratos **PFIS e i-PFIS: 18 de febreiro ao 12 de marzo de 2026.**

9. **Proyectos de colaboración internacional : 1 de outubro ao 29 de outubro de 2026.**

O prazo de presentación das solicitudes en todas elas **remata ás 15:00 horas (hora peninsular española).**

Acceso á sede electrónica [click aquí](#).

No lateral dereito dispoñedes da convocatoria, o extracto da convocatoria e as fichas resumo.

